

MAG/avr

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar a seguinte modificación de crédito:

1- DOTAR CON CRÉDITO, 8.000.000,00 €, A APLICACIÓN 2026/942.9420.762.77 PARA LEVAR A CABO A CONVOCATORIA DO I PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO

Os concellos da provincia de Pontevedra dispoñen dunha ampla rede de vías municipais que garante a conectividade do territorio e serve de soporte para a actividade económica, facilitando o acceso a recursos, explotacións e espazos turísticos.

Co paso do tempo, o aumento do tráfico, o uso de vehículos máis pesados e as condicións climáticas provocaron un deterioro progresivo dos firmes, afectando tanto á comodidade da circulación como á seguridade viaria e incrementando os custos de mantemento.

Ademais, os espazos naturais, de gran valor patrimonial, sofren presión humana e erosión, o que fai necesario mellorar e harmonizar os accesos, combinando funcionalidade, protección ambiental e accesibilidade universal.

Ata agora, as intervencións realizáronse principalmente de forma correctiva, pero este Plan propón un cambio cara a un modelo preventivo que permita optimizar os recursos públicos, alongar a vida útil das infraestruturas e reducir custos a longo prazo. Neste proceso, a Deputación Provincial xoga un papel clave ao apoiar economicamente aos concellos, reforzando a súa capacidade para mellorar a rede viaria e garantir un acceso equitativo aos servizos. O Plan desenvólvese conforme á lexislación vixente, co obxectivo de asegurar vías seguras, eficientes e adaptadas ás necesidades da cidadanía.

Ademais, cabe destacar que a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece a obriga das administracións titulares de manter as vías en perfecto estado de aproveitamento e seguridade, garantindo o servizo público en condicións óptimas para toda a veciñanza.

Neste sentido, a Deputación Provincial de Pontevedra, como entidade encargada de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, así como para cumprir coas obrigacións de asistencia e cooperación cos municipios atribuídas na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, actúa neste marco achegando os fondos públicos necesarios que permitan aos concellos mellorar e acondicionar a súa rede viaria.



CONCLUSIÓN

Visto o interese que supoñen as devanditas actuacións, das que se beneficiarán os concellos de menos de 50.000 habitantes da Provincia de Pontevedra, considérase que se cumpre a finalidade fundamental da Deputación respecto do aseguramento da prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. En consecuencia, cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario a aplicación orzamentaria correspondente para facer fronte ás necesidades de financiamento expostas, de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026.

Aplicación	Denominación	Importe
2026/942.9420.762.77	A CONCELLOS, I PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO_COOPERACIÓN	8.000.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, a deputada delegada da Área de Cooperación Local, María Pilar Ramallo Vázquez

INTERVENCIÓN



MAG/ame

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar a seguinte modificación de crédito:

2.- DOTAR CON CRÉDITO, 252.153,56 €, A APLICACIÓN 2026/942.4331.622.00. PARA LEVAR A CABO A INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN NO CENTRO DE SERVIZOS E APOIO EMPRESARIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BARRO

O centro de servizos e apoio empresarial, unha construción do ano 2015, non dispoñe de ningún sistema de climatización actualmente, os usuarios aclimatan as zonas ocupadas mediante radiadores de pequena potencia conectados á rede eléctrica. As zonas de locais húmidos dispoñen actualmente de sistemas de extracción de aire.

O edificio conta con dúas zonas con hábitos de usos moi diferenciados: por un lado, locais destinados a oficinas e as zonas comúns do edificio, tanto na planta baixa como na planta primeira, con horarios de uso de 12 horas diarias en días laborables, e por outra banda un auditorio na planta primeira, cuxa utilización está vinculada a eventos. Ademais, na planta baixa hai unha zona diáfana en estado lóbrego sen uso, e que queda fóra do alcance desta actuación.

Para resolver a climatización do edificio optarase por sistemas diferentes para cada zona, debido aos seus diferentes hábitos de uso:

- No caso das oficinas e as zonas comúns, a climatización realízase a través de máquinas de expansión directa de caudal de refrixerante variable (tipo VRV), cuxas unidades exteriores situaranse no exterior, na terraza do edificio; as tubaxes frigoríficas baixan por un patinillo e discorren polo teito de cada planta ata as unidades interiores situadas en cada local. A renovación de aire das oficinas realízase mediante tres recuperadores de calor mentres que, nas zonas comúns, ao estar consideradas de ocupación nula, non dispoñerán de renovación de aire.
- No caso do auditorio tanto a climatización como a ventilación se realizan a través dunha unidade autónoma de climatización, dotada con bomba de calor, tipo RoofTop, situada tamén na terraza do edificio, xunto ás unidades exteriores VRV. A distribución de aire ata o auditorio realízase mediante condutos de chapa galvanizada convenientemente illados, e que dispoñen de toberas de gran alcance no tramo de impulsión e con reixas para extracción de aire no tramo de retorno.



Para dar servizo a estes sistemas tamén se prevé a execución dunha instalación eléctrica dedicada, para o que se instalará na terraza un novo subcadro eléctrico específico para climatización desde onde se alimentarán os diferentes equipos que integran o sistema de climatización.

Para rematar, substituiranse as ventás da fachada sur do auditorio por outras con mellores características de transmitancia e factor solar.

A necesidade da contratación desta actuación xustifícase principalmente polo baixo confort térmico das estancias do Centro de Servizos e Apoio empresarial (CSAE). Deste xeito, coa instalación do sistema de climatización mellorase o confort térmico destes espazos que acostumaban alcanzar unhas temperaturas bastante elevadas e hai unha urxente necesidade de conseguir un ambiente termicamente máis agradable para os traballadores e visitantes, e evitar que se poidan alcanzar temperaturas demasiado altas e que superen ás recomendadas pola lexislación vixente.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario a aplicación orzamentaria correspondente para facer fronte ás necesidades de financiamento expostas, de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026.

Aplicación	Denominación	Importe
2026/942.4331.622.00	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS (C.A.S.)	252.153,56 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, o deputado delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, Javier Tourís Romero

INTERVENCIÓN



TRÁMITE	INFORME – PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NO MARCO DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2026
EXPEDIENTE	2026029595

A xefa de xestión do Centro Príncipe Felipe, co visto e prace da coordinadora xeral e do deputado delegado do centro, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, elabora o presente **INFORME – PROPOSTA**, para a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, conforme a seguinte xustificación:

I.- Suplementación de crédito para sufragar o gasto correspondente á xestión do ICIO da obra de "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF"

Con data 3 de abril de 2025 a Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra acordou a concesión da licenza municipal de obras 2025/LUOBRAS/000019, para a obra de "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do Centro Príncipe Felipe". Tendo en conta que o expediente ao estar suxeito ao réxime de concesión de licencia, leva consigo o pagamento do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), polo que resulta preciso o dotar a aplicación 26/232.2312.632.03, pola contía de 14.672,83 €

En base ao anterior, propónse o suplementar a aplicación orzamentaria 26/232.2312.632.03 – polo contía de 14.672,83 €, para a imputación correcta do dito gasto imprevisto.

II.- Suplementación de crédito para a mellora da cobertura móbil do auditorio do CPF

O Centro Príncipe Felipe pode definirse como un macro complexo no que conviven en torno a vinte e cinco edificacións. Resulta especialmente singular o equipamento do auditorio, no cal se desenvolven actividades organizadas internamente polo CPF, así como outras baixo a dirección doutros servizos da Institución Provincial. Do mesmo xeito, a Deputación pon este espazo a disposición de terceiros, regulamentando o seu uso a través do acordo regulador para o uso de espazos, aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 24 de febreiro de 2017 (BOPPO núm. 51, do 14 de marzo de 2017).

O espazo ten unha capacidade ampla de máis de 600 butacas, o que permite dar cobertura a distintos tipos de eventos. Actualmente estase a valorar a programación propia dos actos a celebrar no marco do 50 Aniversario do CPF; na dita organización que se está a perfilar actualmente prevese un uso intensivo do mesmo.

No que refire a dotación coa que conta o dito espazo, este presenta unha deficiencia fundamental, que é a insuficiente cobertura móbil que presenta o dito edificio. Esta circunstancia, resulta un impedimento real para a realización de xeito satisfactorio dos ditos eventos en cuestión.

Estímase que para a correcta posta a punto do auditorio, precísase unha inversión de 18.000 € para acadar unha cobertura móbil axeitada. Esta inversión proporciona unha maior calidade da instalación ao permitir que de xeito permanente o espazo teña esta dotación.

En base ao anterior, propónse o suplementar a aplicación orzamentaria 26/232.2312.632.03 – polo contía de 18.000,00 €, para a imputación correcta do dito gasto imprevisto



III.- Crédito extraordinario para sufragar o gasto de deseño, execución, traslado, colocación e adquisición dunha escultura conmemorativa do 50 Aniversario do CPF

A dirección do CPF está a analizar coa Presidencia, as distintas actuacións que co motivo da celebración do 50 aniversario do Centro Príncipe Felipe, resultaría adecuado abordar.

Dentro das ditas propostas, e de cara a efectuar unha acción que perdure no tempo, valorouse de xeito positivo o encargo do deseño, execución dunha obra de arte – Escultura conmemorativa, a colocar nun espazo diferenciado e distinguido do CPF, que permita tanto ás persoas usuarias do CPF, como ás persoas alleas que visiten a instalación o identificar o sentir do centro e a súa perdurabilidade no tempo.

Estímase para a consecución da dita actuación un gasto de 20.000 €. Na dita contía, incluíríase o deseño do proxecto do artista, execución, preparación do enclave onde se vai situar a escultura (excavacións, paisaxismo, construcións anexas ...), transporte e contratación de maquinaria que sexa precisa para a súa colocación.

Esta adquisición non estaba prevista no orzamento do 2026, non existindo do mesmo xeito aplicación orzamentaria (232.2312.629.03 – Outro inmovilizado material adquisición) no Orzamento, polo que se propón a creación da dita aplicación e dotación da mesma con un crédito extraordinario pola contía de 20.000 €

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En base ao exposto, **proponse a tramitación da correspondente modificación orzamentaria para a habilitación de crédito, conforme o seguinte:**

Aplicación Modificación	Actuacións	Contía
26/232.2312.632.03 Suplementación	Gasto correspondente á xestión do ICIO da obra "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF"	14.672,83 €
26/232.2312.632.03 Suplementación	Mellora da cobertura móbil do auditorio do CPF	18.000 €
26/232.2312.629.03 Crédito Extraord.	Deseño, execución, traslado, colocación e adquisición dunha escultura conmemorativa do 50 Aniversario do CPF	20.0000 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



Asunto	Modificación de crédito 03/2026
Trámite	Proposta de crédito extraordinario do servizo de Deportes

Aprobado o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 polo Pleno da Deputación, na sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2025, constátase que non existe unha aplicación no Servizo para alquiler de vehículos polo que

INFORMASE

Primeiro. Dado que non existe no Servizo de Deportes unha aplicación orzamentaria para alquiler de vehículos e necesitamos un vehículo para o persoal que traballa no Pavillón e demais equipamentos dos que dispoñemos no Centro de "Príncipe Felipe.

Polo exposto e de conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria e financeira das administracións públicas

SOLICITASE

A creación da aplicación orzamentaria 26/340-3420-204.00, no Servizo de Deportes co financiamento de 7.440,00 euros.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.





ASUNTO	ORZAMENTO 2026: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
TRÁMITE	Informe- proposta do Museo

A xefatura de xestión do Museo coa conformidade do Vicepresidente, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, de cara a xustificación dos gastos a efectuar que a continuación se relacionan, e que comparten a característica común, de que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non resulta suficiente o crédito existente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, elabora o presente

INFORME

1.- BIENAL ARTES VIVAS 2026

Considérase necesario dotar de crédito suficiente o proxecto de gasto *26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026* destinado a financiar os gastos derivados da organización, produción, comunicación, honorarios artísticos, mediación cultural, loxística e demais actuacións necesarias para a celebración da Bienal de Artes Vivas durante o exercicio 2026.

O proxecto de gasto da Bienal de Artes Vivas 2026, que terá lugar no mes de xullo de 2026, foi inicialmente dotado cun crédito de 159.000,00€, importe resultante dunha estimación preliminar realizada nun momento no que a programación do evento non se atopaba definida.

Naquela fase inicial, o centro xestor non dispoñía dos elementos necesarios para determinar con precisión a totalidade dos custos asociados á organización e execución da actividade, polo que a contía consignada tiña carácter estimativo.

Unha vez definida a programación por parte do comisario da Bienal, e tras a correspondente análise detallada das necesidades técnicas, artísticas e loxísticas derivadas da súa execución, procedeuse á actualización da estimación económica do proxecto. Como resultado desta revisión, constátase que o crédito inicialmente consignado resulta insuficiente para facer fronte á totalidade dos gastos necesarios.

En consecuencia, resulta preciso incrementar a dotación orzamentaria do proxecto nun importe adicional de 45.000,00€, co fin de garantir a adecuada cobertura financeira de todas as actuacións previstas e asegurar a correcta execución da Bienal de Artes Vivas nas condicións programadas.

Á vista do exposto, propónse a tramitación dunha suplementación de crédito polo importe indicado, sendo imprescindible dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria destinada a traballos realizados por outras empresas.



Aplicación orzamentaria	Importe
333.3341.227.99 - Traballos realizados por outras empresas, proxecto de gasto 26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026	45.000,00€

2.- EXPOSICIÓN TEMPORAL DA OBRA PICTÓRICA "A DERRADEIRA LEICIÓN DO MESTRE" DA AUTORÍA DE ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO

É imprescindible dotar de crédito suficiente á aplicación de publicidade e propaganda destinada á promoción da exposición temporal do cadro "*A derradeira leición do mestre*" de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, que terá lugar no Museo de Pontevedra entre o 26 de xuño e o 30 de setembro de 2026, polos seguintes motivos:

En primeiro lugar, trátase dunha obra de enorme relevancia histórica, artística e simbólica para Galicia. Castelao é unha das figuras máis destacadas da cultura galega contemporánea, e esta pintura constitúe un referente esencial da memoria colectiva, vinculada á defensa dos valores democráticos, a educación e a identidade galega. Polo tanto, garantir a máxima visibilidade da exposición non só contribúe á difusión do patrimonio cultural, senón tamén á transmisión de valores cívicos e históricos fundamentais.

En segundo lugar, as accións de promoción e difusión son claves para asegurar unha ampla participación cidadá. Sen unha estratexia de comunicación adecuada o alcance da exposición veríase limitado, reducindo significativamente o impacto social e cultural do evento. A publicidade permite chegar a públicos diversos: poboación local, visitantes doutros territorios, comunidade educativa e público especializado.

Ademais, a inversión en promoción repercute directamente no desenvolvemento económico e turístico da cidade de Pontevedra e da súa contorna. Unha exposición de alto valor cultural pode actuar como elemento tractor, atraendo visitantes e xerando actividade nos sectores hostaleiro, comercial e de servizos. Para que este potencial se materialice, resulta imprescindible unha adecuada difusión que sitúe o evento no mapa cultural a nivel galego, estatal e incluso internacional.

Por outra banda, cómpre destacar o carácter temporal da exposición. Ao tratarse dun evento limitado no tempo, é fundamental intensificar as accións de comunicación desde antes da súa apertura e durante o seu desenvolvemento, co fin de maximizar o número de visitantes no período dispoñible. A falta de investimento neste ámbito podería supoñer unha oportunidade perdida dificilmente recuperable.

Finalmente, a promoción eficaz contribúe a reforzar o papel do Museo de Pontevedra como institución cultural de referencia, consolidando a súa imaxe e prestixio. Isto non só beneficia á exposición concreta, senón que tamén fortalece a proxección futura do museo e a súa capacidade para atraer novas iniciativas culturais de relevancia.



En conclusión, dotar de crédito suficiente ás accións de publicidade e propaganda non é un gasto accesorio, senón unha inversión estratéxica imprescindible para garantir o éxito da exposición, maximizar o seu impacto cultural, social e económico, e asegurar que unha obra de tan alto valor simbólico e patrimonial acade a difusión que merece.

Á vista do exposto, propónse a tramitación dunha suplementación de crédito polo importe indicado, sendo imprescindible dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria destinada a publicidade e propaganda.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3340.226.02 – Publicidade e propaganda	30.000,00€

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non resulta suficiente o crédito existente, o Museo de Pontevedra INFORMA favorablemente a tramitación do expediente para a habilitación de crédito na seguinte aplicación orzamentaria, conforme o seguinte:

CONCPETO	APLICACIÓN	IMPORTE
Traballos realizados por outras empresas	333.3341.227.99 - Traballos realizados por outras empresas, proxecto de gasto 26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026	45.000,00€
Publicidade e Propaganda da exposición temporal da obra "A Derradeira leición do mestre" do autor Alfonso D. Rodríguez Castelao	333.3340.226.02 – Publicidade e propaganda	30.000,00€
TOTAL CAPÍTULO II		75.000,00 €

O que se traslada ós efectos oportunos.
 En Pontevedra, na data da sinatura dixital





EXPEDIENTE	2026029595
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 03/2026
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

A Deputación de Pontevedra vén promovendo a participación da provincia en eventos deportivos de relevancia nacional e internacional como instrumento de promoción turística e posicionamento do destino Rías Baixas.

Neste contexto, prevíase inicialmente a formalización dun contrato de patrocinio publicitario para a participación institucional na saída e chegada da 1ª etapa da Vuelta a España Femenina by Carrefour.es 2026, evento de destacado impacto mediático e proxección internacional.

A dotación económica para esta actuación foi incorporada ao orzamento mediante Suplemento de Crédito 01/2026 (aprobación plenaria do mes de marzo), na aplicación orzamentaria 433-4320-226.20 “Gastos de promoción, turismo”.

Analizada a natureza da actuación e as alternativas xurídicas para a súa instrumentación, considérase procedente artellar o financiamento desta actuación mediante a figura da subvención nominativa, ao tratarse dunha actuación singular, de interese público e con destinatario determinado, vinculada á organización dun evento deportivo de carácter único e con dereitos exclusivos.

Así mesmo, a natureza da aplicación orzamentaria inicialmente dotada (226.20 “Gastos de promoción”) non resulta axeitada para a canalización dunha subvención directa a favor dunha entidade privada, sendo necesario habilitar crédito específico na aplicación correspondente a transferencias correntes.

Ademais, ao proceder o crédito dun suplemento recente, non resulta viable a súa minoración mediante transferencia de crédito, polo que se fai preciso tramitar unha modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario financiado con baixa por anulación.

En consecuencia, **proponse** a aprobación dunha modificación orzamentaria nos seguintes termos:

CREDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
26/433.4320.479.01	75.000,00 €	Outras subvencións a empresas privadas – Turismo (Saída e chegada da etapa 1ª “La Vuelta Femenina 2026”).

FINANCIACIÓN: BAIXA POR ANULACIÓN

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
26/433.4320.226.20	- 75.000,00 €	Gastos de Promoción

Así mesmo, resulta necesario modificar o Anexo II das bases de execución do Orzamento incorporando a seguinte subvención nominativa:





APLICACIÓN	IMPORTE	BENEFICIARIO	Obxecto e finalidade
26/433.4320.479.01	75.000,00 €	UNIPUBLIC SL	Financiamento da participación da provincia de Pontevedra como entidade colaboradora na saída e chegada da 1ª etapa da Vuelta a España Femenina by Carrefour.es 2026, co obxecto de promover a imaxe turística do destino Rías Baixas a través dun evento deportivo de proxección nacional e internacional, contribuíndo á súa difusión mediática, posicionamento estratéxico e dinamización turística do territorio.

A actuación presenta un evidente interese público, ao contribuír á promoción turística da provincia mediante a súa asociación a un evento deportivo de primeiro nivel, cunha ampla difusión mediática e capacidade de proxección internacional.

Así mesmo, concorre o carácter singular da actuación, derivado da exclusividade dos dereitos de organización do evento, o que determina a imposibilidade de promover un procedemento de concorrencia competitiva, ao existir un único operador económico habilitado para a súa execución.

En consecuencia, resulta procedente a utilización da figura da subvención nominativa como instrumento de financiamento adecuado á natureza da actuación.

Á vista do exposto, considérase procedente:

- A aprobación dun crédito extraordinario por importe de 75.000,00 €, financiado mediante baixa por anulación da aplicación 433-4320-226.20.
- A modificación do Anexo II das Bases de Execución do Orzamento para a incorporación da correspondente subvención nominativa.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

